

O servizo de formación pretende dar resposta ás necesidades de distintos colectivos ligados aos TEA ben por seren familiares, ben por traballar con estas persoas ou por querer comezar a facelo.

Deste xeito, en Autismo Galicia desenvolvemos actividades formativas para:

- **Profesionais:** formación dirixida a profesionais interesados en formarse no ámbito do autismo. A súa finalidade é formar e divulgar o coñecemento sobre os TEA.

- **Persoas desempregadas:** formación específica dirixida a persoas traballadoras desempregada no ámbito dos TEA. A súa finalidade é mellorar as súas posibilidades de inclusión laboral.

- **Voluntarios:** formación dirixida a voluntarios e voluntarias e persoas interesadas nas labores de voluntariado. A súa finalidade é acadar unha maior integración do voluntario na entidade e mellorar a súa cualificación para facilitar o seu traballo.

- **Capacitación dos RRHH:** formación dirixida ao persoal técnico da Federación Autismo Galicia. A súa finalidade é actualizar os seus coñecementos e mellorar a súa capacitación profesional.



Cursos que desenvolvemos na actualidade:

Curso AFD de Preparador Laboral especialista nos TEA e outras discapacidades (pechada a inscrición)